



## Alex Salgueiro

Gradúase na ESMUC, onde goza da docencia de Josep Borrás, Bernardo Verde, Giorgio Mandolesi e David Tomás.

Colaborou con diferentes orquestras profesionais e agrupacións de música de cámara, como "Zoar".

Actualmente compaxina a súa vida orquestral e docente, en agrupacións e institucións internacionais.

# Alex Salgueiro

MESTRE DE FAGOT

## Historial Académico

Graduouse na ESMUC onde estudou con mestres como Josep Borràs (fagotes históricos) Bernardo Verde, Giorgio Mandolesi e David Tomàs.

Durante a súa formación pertenceu a diversas orquestras mozas como a JONC, IRO, JONDE ou a EUYO.

## Experiencia

Ten unha ampla experiencia en música de cámara como membro de Zoar, quinteto de vento co que realizou numerosos concertos en Galicia así como algunhas actuacións en Cataluña, Euskadi, Soria, Portugal e Arxentina.

Ademais colaborou con conxuntos como a Orquestra de Cambra de Granollers, Ensemble BCN216, Grupo Instrumental s.XX, Taller Atlántico Contemporáneo, OSG Sinfonietta, Camerata Bocherini, Natalia Ensemble, Quantum Ensemble ou o Ensemble del Festival Bal y Gay.

Tamén salientan as súas colaboracións con diferentes orquestras profesionais como a do Gran Teatro del Liceo, a Sinfónica de Navarra, a Simfónica del Vallès, a Simfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, a RTVE, a Orquestra Gulbenkian ou a Filarmónica de Gran Canaria.

Como docente foi invitado á Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia, a la Jove Orquestra Nacional de Catalunya e á Orquesta Clásica de Xove ademais de ter realizado cursos en Santiago de Compostela, Rianxo e As Pontes e clases maxitrais en Santiago de Compostela, Lalín, Vía, Cádiz e Pamplona.

Actualmente é fagotista da Sinfónica de Galicia, na que traballa desde 2006 e onde traballou con directores como Dima Slobodeniouk, Víctor Pablo Pérez, Jesús López-Cobos, Neville Marriner, Lorin Maazel, Christoph Eschenbach ou Gustavo Dudamel entre outros e coa que realizou xiras por sudamérica, centroeuropa e Emiratos Árabes